



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO PARA O FUNCIONAMENTO E A RESERVA DE PRAZAS PARA ALUMNADO NO CENTRO NEUROPSICOPEDAGÓXICO “O PELOURO”, DURANTE O CURSO 2021-2022

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, _____, titular e directora do centro neuropsicopedagóxico “O Pelouro”, situado na localidade de Caldelas, Concello de Tui (Pontevedra).

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade na calidade en que interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

I

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade de acordo co establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e a través do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, ten asumida a regulación dos aspectos relativos á ordenación, planificación dos recursos e organización da atención de alumnos/as con necesidades educativas especiais.



XUNTA DE GALICIA

II

Que de acordo co artigo 72.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as Administracións educativas, para facilitar a escolarización e unha mellor incorporación do alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo ao centro escolar, poderán colaborar con outras Administracións ou entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, institucións ou asociacións.

III

Que por Decreto 191/1988, do 21 de xullo, declárase ao centro neuropsicopedagóxico "O Pelouro" como centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración, establecéndose, no seu artigo 2, que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade subscribirá un convenio co centro onde se contemple a autorización dun réxime especial de funcionamento, así como a dotación económica para sufragar os gastos que comporta este, en todos aqueles aspectos que redunden no bo funcionamento do centro. Neste mesmo decreto establécese, no seu artigo 3, que "[...] o centro O Pelouro terá a consideración de centro privado concertado, sen prexuízo da súa peculiaridade como centro singular experimental no eido da innovación psicopedagóxica e integración".

IV

Que o centro neuropsicopedagóxico O Pelouro é pioneiro no campo da integración de nenos/as con necesidades educativas diversas, desenvolvendo desde o ano 1973, a coeducación de escolares con e sen discapacidades ou trastornos mediante unha educación integral da persoa baseada na diversidade e na idea do grupo como un todo.

V

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade asinou, o 7 de xullo de 2020, un convenio con María Teresa Ubeira Santoro, titular do centro neuropsicopedagóxico "O Pelouro", para o funcionamento e para a reserva e ocupación de prazas para a atención educativa e asistencial ao alumnado con trastornos de personalidade e de conduta neste centro, durante o curso 2020-2021.

VI

Que, tendo en conta o anteriormente exposto, ambas as partes deciden subscribir o



XUNTA DE GALICIA

presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio terá por obxecto:

a) O sostemento, durante o curso escolar 2021-2022, do centro privado “O Pelouro” con fondos públicos, para a prestación do servizo público da educación nos termos previstos no Decreto 191/1988, do 21 de xullo, na Orde do 26 de abril de 1977, pola que se concede autorización definitiva de funcionamento ao centro “O Pelouro” para catro unidades de pedagogía terapéutica e na Orde do 19 de outubro de 1978, pola que se concede autorización definitiva de funcionamento ao centro non estatal de educación especial “Parvulario Santoro”, en Caldelas de Tui (Pontevedra) para dúas unidades de preescolar-xardín de infancia.

b) A reserva e ocupación de prazas de residencia para alumnado con trastornos de personalidade e de conduta no citado centro, durante o curso escolar 2021-2022.

c) Definir o marco de colaboración para desenvolver, con carácter experimental, a prevención, a integración, a atención docente, psicosocioasistencial e para o lecer dos/as nenos/as e xoves con trastornos de personalidade e de conduta, e tamén a de aqueles/as en situación de risco para o seu desenvolvemento evolutivo, así como para a adecuada orientación ás familias e aos centros escolares aos que asista alumnado destas características.

Segunda.- O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2022, sen prexuízo de que os efectos económicos sexan desde o 1 de setembro de 2021.

Terceira.- A cuantificación económica deste convenio é a seguinte:

a) Subvención para a prestación do servizo público de educación:

As unidades subvencionadas serán as que se indican no cadro que figura a continuación, sen prexuízo do establecido para a modificación de unidades concertadas no artigo 15 da Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017/2018 e seguintes:



XUNTA DE GALICIA

Ensinanzas	Número de unidades
Educación infantil	1
Educación especial: educación básica (psíquicos)	3

Todas estas ensinanzas inclúense dentro da competencia integradora, interactiva e intersextiva de alumnos/as con necesidades educativas especiais, con trastornos de conduta e de réxime ordinario.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade obrígase á asignación de fondos públicos para o sostemento do centro coa cantidade que lle corresponda segundo as unidades obxecto de convenio e de acordo cos módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os conceptos dos citados módulos: salarios de persoal docente, outros gastos e persoal complementario, debendo aplicarse os fondos á finalidade para a que sexan transferidos.

Tendo en conta o indicado nos parágrafos anteriores, á asignación económica é de 284.261,31 euros, de acordo co módulo económico e con cada unha das compoñentes deste, que se pormenorizan no cadro que figura a continuación:

Ensinanza	Unidades	Compoñentes módulo	Módulo set.-decembro 2021	Importe set.-decembro 2021	Módulo xan.-agosto 2022	Importe xan.-agosto 2022
Ed. Infantil	1	Persoal	46.367,35 €	16.559,77 €	46.367,35 €	29.807,56 €
		Outros gastos	6.646,80 €	2.215,60 €	6.646,80 €	4.431,20 €
Ed. especial: ed. Básica primaria (psíquicos)	3	Persoal	48.084,65 €	51.519,27 €	48.084,65 €	92.734,66 €
		Outros gastos	7.086,36 €	7.086,36 €	7.086,36 €	14.172,72 €
		Persoal complementario	21.911,38 €	23.476,48 €	21.911,38 €	42.257,69 €
		Totais anuais	2021	100.857,48 €	2022	183.403,83 €

Non obstante, os importes da subvención para a prestación do servizo público de educación para o ano 2022 serán actualizados de acordo cos módulos económicos para o sostemento de centros concertados aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia para o período xaneiro-agosto dese ano.



XUNTA DE GALICIA

b) Subvención para a reserva e ocupación de prazas para alumnado con trastornos de personalidade e de conduta:

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade financiará un máximo de 15 prazas de residencia que poderán ser ocupadas nos réximes de estancia que se indican a continuación, ata un máximo de 42.000 euros para o período setembro-decembro de 2021 e 63.000 euros para o período xaneiro-xuño de 2022 coa distribución que figura no seguinte cadro:

Residencia		Importe set.- dec. 2021		Importe xaneiro-abril 2022	Importe maio- xuño 2022
Totais cuadrimestres		42.000,00 €		42.000,00 €	21.000,00 €
Totais anuais	2021	42.000,00 €	2022	63.000,00 €	

Para tal fin teranse en conta os módulos mensuais que, de seguido, se indican:

Réxime de estancia	Módulo/mes
Internado (sen fin de semanas: 4 días)	700 euros
Media pensión	300 euros

Estes pagos suporán a gratuidade total, para os/as alumnos/as implicados, dos servizos de residencia contemplados neste convenio.

Cuarta.- Os importes faranse efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 10.31.422D.482.0, dos orzamentos da consellería correspondentes aos exercicios 2021 e 2022, por un importe máximo total de 389.261,31 euros. Este importe máximo será actualizado para o período xaneiro-agosto de 2022 segundo os módulos económicos para o sostemento de centros concertados aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia para ese período.

Quinta.- A titular do centro deberá achegar, antes da formalización do convenio, así como, antes de cada un dos pagos previstos no convenio, certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.



XUNTA DE GALICIA

As cantidades aboadas pola Administración para gastos de persoal docente, para o concepto “outros gastos” e para o persoal complementario, xustificaranse mediante a achega da titular do centro do acordo do Consello Escolar aprobatorio das contas e a presentación de xustificantes de gastos consistentes en nóminas, facturas e/ou outros documentos xustificativos, debéndose xustificar por separado o importe de cada unha das compoñentes do módulo económico.

Para o pagamento da residencia deberán achegar certificación da dirección do centro co visto e prace da Inspección educativa onde se faga constar a relación nominal de alumnos/as atendidos/as nas prazas de residencia, indicando o seu réxime de estancia, de acordo co disposto no apartado b) da cláusula terceira, durante cada un dos cuadrimestres do curso escolar.

Os libramentos realizaranse do seguinte xeito:

a) Subvención para a prestación do servizo público de educación:

1.-Un primeiro libramento, con carácter de anticipo, por un importe máximo de 100.857,48 euros, realizarase trala achega dunha certificación da dirección do centro na que consten as ensinanzas que se imparten no curso escolar, co visto e prace da Inspección educativa.

2.- Libramentos mensuais, de xaneiro a agosto de 2022, polos importes máximos que se indican a continuación, unha vez que o centro xustifique, para o libramento de xaneiro, o anticipo e o importe correspondente a este mes. Nos meses sucesivos, para libramento deberán xustificar os gastos de cada mensuralidade. Esta xustificación deberá presentarse no prazo de dous meses desde a finalización de cada mes.

Ensinanza		Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto
Ed. infantil	Persoal	3.311,95	3.311,95	3.311,95	3.311,95	3.311,95	6.623,91	3.311,95	3.311,95
	Outros gastos	553,90	553,90	553,90	553,90	553,90	553,90	553,90	553,90
Ed. especial: ed. Básica primaria (psíquicos)	Persoal	10.303,85	10.303,85	10.303,85	10.303,85	10.303,85	20.607,71	10.303,85	10.303,85
	Outros gastos	1.771,59	1.771,59	1.771,59	1.771,59	1.771,59	1.771,59	1.771,59	1.771,59
	Persoal complem ^o	4.695,30	4.695,30	4.695,30	4.695,30	4.695,30	9.390,59	4.695,30	4.695,30
Totais		20.636,59	20.636,59	20.636,59	20.636,59	20.636,59	38.947,70	20.636,59	20.636,59



XUNTA DE GALICIA

b) Subvención para a reserva e ocupación de prazas para alumnado con trastornos de personalidade e de conduta:

1.- Un primeiro libramento no mes de decembro, tras o envío de certificación nominal de alumnos/as atendidos/as nas prazas de residencia durante os meses de setembro a decembro e segundo o establecido na cláusula 3, apartado b) para este período. Esta certificación deberá contar co visto e prace da Inspección educativa. O prazo para presentar esta xustificación remata o 23 de decembro de 2021.

2.- Un segundo libramento, logo da presentación da certificación nominal de alumnos/as atendidos/as nas prazas de residencia durante os meses de xaneiro a abril e segundo o establecido na cláusula 3, apartado b) para este período. Esta certificación deberá vir avalada pola Inspección educativa co seu visto e prace. Esta xustificación deberá presentarse no prazo de dous meses desde a finalización do segundo cuadrimestre do curso escolar (ata o 30 de xuño de 2022).

3.- Un terceiro libramento logo da presentación dunha certificación nominal de alumnos/as atendidos/as nas prazas de residencia durante os meses de maio e xuño, e segundo o establecido na cláusula 3, apartado b) para este período. Esta certificación deberá contar co visto e prace da Inspección educativa. Esta xustificación deberá presentarse dentro do período de vixencia do convenio (ata o 31 de outubro de 2022).

Sexta.- En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a titular do centro está obrigada a subministrar á Xunta de Galicia, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Así mesmo, de conformidade co artigo 15 desta mesma lei, a Xunta de Galicia publicará na súa páxina web oficial os datos do presente convenio, incluído o importe da subvención concedida, polo que a súa sinatura leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e a súa publicación na citada páxina web.

Ademais, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia



XUNTA DE GALICIA

para o ano 2006, a sinatura do presente convenio supón o consentimento expreso para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas.

Por outro lado, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto deste convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións.

Sétima.- Debido a que este convenio se formaliza en aplicación do disposto no Decreto 191/1988, do 21 de xullo, non é posible promover a concorrencia pública, polo que para a tramitación deste convenio debe terse en conta o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A titularidade do centro comprométese a prestar a atención educativa e asistencial, prevista no mencionado decreto, ao citado alumnado con trastornos de personalidade e de conduta, en integración co resto dos/as alumnos/as co obxecto de lograr o máximo desenvolvemento posible das súas potencialidades, no marco dunha comunidade socioeducativa e terapéutica desde a saúde que ten como base a integración interactiva e interactiva en proporcións de equilibrio. Esta atención, creando as condicións e contextos máis axeitados, desenvolverase en réxime de internado de diversos tipos segundo as circunstancias familiares ou de terapia o aconsellen, procurando o réxime máis axeitado a cada neno/a e ás dinámicas de grupo adaptadas ás súas características.

A titular do centro obrígase, así mesmo, a impartir as ensinanzas obxecto deste convenio gratuitamente, sen percibir concepto algún do alumnado e/ou das súas familias, que directa ou indirectamente, supoña unha contrapartida económica pola impartición das citadas ensinanzas, de acordo cos correspondentes deseños curriculares base e plans de estudo da lexislación vixente.

Non obstante, por tratarse dun centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración, poderá percibir dos/as alumnos/as cantidades por actividades e servizos complementarios. Para estes efectos seralle de aplicación o Decreto 444/1996, do 13 de decembro, polo que se regulan as actividades escolares complementarias, as actividades extraescolares e os servizos complementarios dos centros privados en réxime de concerto.

Oitava.- A titular do centro queda obrigada ao cumprimento da normativa aplicable ao



XUNTA DE GALICIA

procedemento de admisión de alumnos/as nos centros sostidos con fondos públicos [Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Orde do 25 de xaneiro de 2017].

No caso do alumnado con trastornos de conduta e de personalidade, ao que se fai referencia na cláusula primeira do presente convenio, será de aplicación o disposto no punto sétimo da Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

Así mesmo, a titular do centro deberá cumprir o establecido polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (LOPXM), introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

A tal efecto, antes da sinatura do convenio, a titular do centro deberá achegar unha declaración responsable, debidamente asinada, na que manifeste expresamente que deu debido cumprimento ao mandato legal contido no citado artigo.

Novena. - A titular do centro obrígase a manter, ou, no seu caso, a constituír os órganos de goberno aos que se refire o artigo 54 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e o artigo 119 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o artigo 26 do Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos e a Orde do 28 de agosto de 1996, pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados.

Décima.- A provisión de vacantes do persoal docente que se produzan no centro realizarase conforme ao disposto no artigo 60 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e no artigo 26.3 do Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos.



XUNTA DE GALICIA

Décimo primeira.- O centro unicamente terá en funcionamento o número de unidades autorizadas que son obxecto de convenio.

Décimo segunda. - A titular do centro deberá facer constar na súa denominación, na súa documentación e na súa publicidade a condición de centro subvencionado integramente pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Igualmente, a titular do centro deberá poñer en coñecemento dos membros da comunidade escolar e, no seu caso, das autoridades competentes o carácter de centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración.

Décimo terceira. - De acordo co artigo 5 do Decreto 191/1988, o centro presentará ao final do curso escolar á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, unha memoria das actividades desenvolvidas ao longo do ano escolar, con especial mención dos resultados obtidos.

Décimo cuarta.- Para a execución do convenio a titular do centro adoptará as seguintes medidas:

1.- Os fondos achegados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade destinaranse ao aboamento de salarios do persoal docente e persoal complementario, aos gastos de funcionamento das unidades obxecto de convenio, así como á atención ao alumnado que ocupe as prazas de residencia ás que se fai referencia no apartado b) da cláusula terceira.

2.- As altas e baixas do persoal docente no réxime da Seguridade Social xestionaranse pola titular do centro na súa condición de empregadora na relación laboral. As devanditas circunstancias deberán ser acreditadas por esta ante a Administración Educativa competente.

As responsabilidades que puidesen derivarse do incumprimento das obrigas de altas, baixas e liquidación de cotizacións, serán por conta da titular do centro.

3.- Tódalas actividades do profesorado do centro, tanto lectivas como non lectivas, con cargo aos fondos aportados pola Administración, prestaranse no nivel de ensinanza obxecto deste convenio.

4.- A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal do centro e a Consellería de Cultura, Educación e



XUNTA DE GALICIA

Universidade, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste convenio.

Décimo quinta.- Co obxecto de facer un balance das accións realizadas, establecer directrices de traballo e supervisar o cumprimento do acordado neste convenio, establecerase unha comisión técnica e de seguimento, que poderá reunirse cando sexa preciso e que estará integrada por:

- O titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a.
- A persoa que ocupe a Subdirección Xeral de Centros da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- A persoa que ocupe a xefatura de servizo de Centros da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Un/unha especialista en trastornos de conduta dos Equipos de Orientación Específica.
- Un/unha inspector/a de educación.
- Un/unha profesional, especializado/a na atención educativa a estes/as alumnos/as, representante do centro.
- A titular do centro, ou persoa en quen delegue.
- Un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que actuará como secretario/a.

Ademais das funcións indicadas con anterioridade, esta comisión técnica e de seguimento decidirá:

- a) A escolarización do alumnado solicitante para ser obxecto de atención.
- b) A modalidade de escolarización e réxime de estancia máis axeitado para cada alumno/a.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo sexta.- Para os aspectos non previstos no presente convenio haberá que aterse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta Lei. De conformidade co establecido no



XUNTA DE GALICIA

artigo 3 do Decreto 191/1988, do 21 de xullo, o centro neuropsicopedagógico O Pelouro sométese ás normas establecidas no Título IV (centros privados concertados) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e no Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos, aprobado por Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro.

Décimo sétima.- Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

As cuestións litixiosas sobre a interpretación do presente convenio que non poidan solucionarse no seo da comisión técnica e de seguimento serán resoltas pola Consellería de Consellería de Cultura, Educación e Universidade, poñendo o seu acordo fin á vía administrativa, cabendo contra este acordo recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto pola Lei reguladora desta xurisdición.

Décimo oitava.- As baixas dos/as alumnos/as no centro ou calquera outra variación que modifique o número de alumnos/as por unidade ou nas prazas de residencia deberán ser notificadas á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos durante o mes seguinte ao que se produza esta variación, dando lugar a correspondente modificación da subvención.

Décimo novena.- A Consellería de Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá inspeccionar e visitar o centro en calquera momento para verificar o efectivo cumprimento do establecido neste convenio.

Así mesmo, o centro deberá conservar a xustificación do gasto orixinado a disposición da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas ou de calquera outro órgano competente quen, a través dos procedementos legais pertinentes, poderán realizar as comprobacións necesarias respecto ao destino e a aplicación dos fondos.

Vixésima.- De acordo co disposto no artigo 40.1.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a titular do centro queda obrigada ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.



XUNTA DE GALICIA

Vixésimo primeira.- As subvencións establecidas neste convenio son incompatibles con calquera outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.

Vixésimo segunda.- Este convenio poderá ser renovado por cursos escolares por acordo expreso das partes mediante a formalización da correspondente addenda. En todo caso, as prórrogas que se acorden non poderán exceder dun período de ata catro anos adicionais, ao abeiro do disposto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas previstas nel cunha antelación mínima de dous meses, debendo, en todo caso, estenderse a súa duración ata a finalización do curso escolar co obxecto de non interromper a traxectoria formativa dos/as alumnos/as.

Vixésimo terceira.- Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Vixésimo cuarta.- As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Vixésimo quinta.- Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea



XUNTA DE GALICIA

obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Para dar cumprimento ao establecido no presente convenio e en sinal de mutuo acordo entre as partes, subscríbno mediante sinatura electrónica.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Universidade da Xunta de Galicia,

Polo centro privado "O Pelouro",
A Titular

Román Rodríguez González